

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola situación de incerteza de futuro que está a vivir a flota do cerco, amais das últimas declaracións da ministra do ramo e o abandono por parte do Goberno galego.

As embarcacións do cerco galegas, que fan xestión conxunta das posibilidades de pesca, veñen de recibir nos últimos días un novo revés en forma de peche da pesquería de xurelo na zona IX A.

Temos que lembrar que a estes barcos, a redor de 120, prohibíuselles pescar bocarte na mesma zona IX A desde o mes de febreiro deste mesmo ano, esta mesma especie permanece pechada na VIII C desde comezos do mes de agosto e desde o 15 de setembro o xurelo na VIII C tamén ten prohibida a súa captura.

A dous meses e medio de rematar o ano os cerqueiros galegos non saben como van facer para poder manter a súa actividade até finais de ano.

O Goberno central maltrata o sector galego, mesmo nas declaracións da ministra do ramo dicíndolles que xa ingresaron dabondo, e non teñen de que queixarse, e diante diso o Goberno galego nin está nin se lle espera, nin unha soa declaración en defensa dos profesionais galegos nin unha soa xestión demandando algunha solución.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que é gravísima a situación que atravesamos pola falla de posibilidades de pesca, mais tamén as palabras da propia ministra e consideramos que é preciso que o Goberno galego comece dunha vez a defender os intereses dunha actividade económica vital para Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo isto os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que está a facer o Goberno galego para posibilitar o mantemento da actividade da flota do cerco?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 19/10/2015 12:39:55

José Manuel Gallego Lomba na data 19/10/2015 12:40:08

Noela Blanco Rodríguez na data 19/10/2015 12:40:20